



EXCMO. CONCELLO
DA
ESTRADA
(PONTEVEDRA)

CERTIFICADO DE SECRETARÍA

M^a Jesusa Fernández Bascuas, Secretaria en funcións do Excmo. Concello da Estrada, **CERTIFICO** que, con data de 10 de decembro de 2012, e salvo do que resulte da aprobación da correspondente acta, foi adoptado pola Xunta de Goberno Local o seguinte Acordo:

3º.-ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE OBRAS DO PROXECTO NOVO MERCADO, A PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA. Vista a proposta da Alcaldía Presidencia en relación co asunto de referencia.

-Visto o expediente tramitado, de contratación de obras de PROXECTO NOVO MERCADO, incluíndo as diferentes sesións da Mesa de contratación.

-Visto que dentro de prazo se presentaron ó procedemento de contratación, aportando documentación administrativa:

-UNIKA PROYECTOS Y OBRAS S.A.U.

-DECORACIONES J. BELLO S.L.

-Visto que examinada a mesma, non se aprecian defectos na documentación presentada por ámbalas dúas empresas.

-Visto que a Mesa valorou os criterios de xuízo de valor dos licitadores, de conformidade co Informe elaborado ó respecto polos seus membros técnicos.

-Visto que a Mesa atribuíu os puntos correspondentes a cada licitador, en relación cos criterios de valoración automática.

-Visto que, consecuentemente co anterior, a Mesa realizou o seguinte Ditame de clasificación de ofertas:

ÚNIKA PROYECTOS Y OBRAS S.A.U.-

- Variantes (mellora nos materiais a empregar): 6,67 puntos
- Memoria construtiva e programa de traballo: 16,16 puntos.
- Memoria de seguridade e saúde: 8,60 puntos.
- Total criterios susceptibles de xuízo de valor: 31,43 puntos.*

Prezo: 0 puntos.

Ampliación do prazo de garantía: 15 puntos .

Diminución do prazo de execución: 5 puntos..

Total criterios de valoración automática: 20 puntos.

TOTAL: 51,43 puntos.

DECORACIONES J.BELLO S.L.

- Variantes (mellora nos materiais a empregar): 0 puntos
- Memoria construtiva e programa de traballo: 8 puntos.
- Memoria de seguridade e saúde: 4,83 puntos.
- Total criterios susceptibles de xuízo de valor: 12,83 puntos.*

Prezo: 0 puntos.

Ampliación do prazo de garantía: 15 puntos.

Diminución do prazo de execución: 5 puntos.

Total criterios de valoración automática: 20 puntos.

TOTAL: 32,83 puntos.

-Vista a Proposta preliminar de adxudicación da Alcaldía de 29 de novembro de 2012 en favor do licitador que obtivera máis puntuación: UNIKA PROYECTOS Y OBRAS SAU.

-Vista a documentación aportada por UNIKA PROYECTOS Y OBRAS SAU e, particularmente, xustificante de ter constituída na Tesourería do Concello a correspondente garantía definitiva.

-Vista a fiscalización feita pola Intervención Municipal con data 5-12-12.

-Vista a competencia da Xunta de Goberno Local, segundo o sinalado na Disposición Adicional Segunda, punto 1º, do Real Decreto Lexislativo 3/2011, e Decreto de delegación de 6 de xullo de 2011.

A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade:

1º.-Adxudicar a UNIKA PROYECTOS Y OBRAS SAU o contrato de obras de proxecto Novo Mercado por importe, incluíndo o IVE, de 1.349.700,42 euros (importe sen IVE de 1.115.454,89 euros, máis 234.245,53 euros correspondentes ó IVE). Adxudicación que será con arranxo ós Pregos e á súa oferta.

2º.-Formálcese o contrato no prazo máis breve posible.

3º.- Notifíquese o presente Acordo ós licitadores.

E para que así conste, e aos efectos legais oportunos, expido a presente de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde-Presidente, na Estrada a dez de decembro de dous mil doce.

